

## Consideracións sobre o período medieval na historiografía literaria galega

Santiago Gutiérrez García

**RESUMO** Santiago Gutiérrez aborda un estudo das estratexias discursivas que emprega a historiografía literaria galega a partir do tratamento que recibe o período medieval. Salienta o peso da concepción nacionalitaria deste tipo de discursos, que buscan a reivindicación de formas de reapropiación simbólica, necesidade que se sente con especial forza no caso das literaturas minoritarias como a galega. Como resultado, observa un tratamento dispar dos diferentes períodos e xéneros da Idade Media, de acordo coa súa adecuación a estes postulados de carácter nacionalitario. Así o demostra, na súa análise, a identificación da lírica galego-portuguesa co momento de esplendor e a da prosa co de decadencia ou a posta en valor de elementos que se interpretan como peculiares fronte a aqueles que non marcan a distancia respecto ao discurso hexemónico da literatura castelá e que non permiten, daquela, a autoafirmación lexitimadora que é propia da historiografía literaria.

**ABSTRACT** SG sets out to analyse the discursive strategies used by Galician Literary Historiography for the medieval period. He notes the emphasis on the idea of the nation, which seeks modes of symbolic reappropriation, a common tendency in the case of minority literatures such as that of Galicia, giving rise to an uneven treatment of the various periods and genres into which the Middle Ages are compartmentalized based on their conformity or otherwise to this nationalistic model. This is shown, in his view, by the identification of the Galician-Portuguese lyric with the moment of greatness, and of prose with that of decline, or by the superiority accorded to those elements considered marked by difference over those which are unmarked with respect to the hegemonic discourse of literature in Castilian, and which therefore do not permit that legitimizing self-affirmation which characterizes the historiography of literature.

O desenvolvemento que o sistema literario galego coñeceu nas últimas décadas, coincidente coa aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia e o establecemento dunhas bases institucionais crecentemente sólidas, atopou o seu reflexo non só no aumento do número de títulos publicados ou na

diversificación do seu repertorio. Tamén no cultivo da historiografía literaria, nun impulso que se aprecia paralelo ao que levan a cabo outras áreas culturais da periferia hispánica, dende o intre en que, coa fin da ditadura, se inicia o proceso de descentralización política arredor do ano 1980<sup>1</sup>. O pulo que coñecen estas literaturas non estatais obedece ao propósito de establecemento e consolidación dun canon propio, pero, ao mesmo tempo, de autoafirmación e, polo mesmo, de apropiación da capacidade enunciativa e de diferenciación fronte ao sistema hexemónico que representa a literatura en lingua castelá<sup>2</sup>. O seu propósito, polo tanto, non sería tanto afirmativo coma reivindicativo e compensatorio, destinado a un labor de reapropiación simbólica (Gsteiger, 1985, p. 111).

Precisamente, segundo demostra unha análise a dous niveis, é a existencia dun discurso fronte ao que lexitimarse a que determina boa parte das estruturas narrativas nas que se organizan estes relatos. Por unha banda, o sistema hexemónico actúa como referente directo, na medida en que condiciona o devir da literatura subordinada a través dunha relación de imposición que, finalmente, desemboca na minoración desta última. Nunha perspectiva máis ampla, todas as historias das literaturas periféricas constrúense, precisamente por esta circunstancia, como un relato en tres momentos, segundo a sucesión da tríade esplendor-caída-redención<sup>3</sup>. Pero por outra banda, e velaquí un segundo nivel de análise, o sistema dominante funciona tamén como referencia indirecta, posto que proporciona *a contrario* o criterio sobre o que se basea o relato diferencial que sustenta o afán de lexitimación subxacente á composición deste tipo de obras. O resultado é un xogo de tensións entre a similitude e a disimilitude que ofrece o relato da literatura hexemónica e que actúa como antimodelo do relato vicario. Este último, en calquera caso, aceptaría implicitamente a condición oficial e paradigmática do discurso central (Radhakrisnan, 1987; González-Millán, 1992, p. 446).

No caso da historiografía literaria galega, a adecuación ao esquema tripartito, que determina unha periodización en tres grandes etapas –Época

<sup>1</sup> O Estatuto de Autonomía de Galicia aprobouse en referendo o 21 de decembro de 1980, mentres que o catalán e o vasco xa o foran en 1979. Vid. De la Granja - Beramendi e Anguera (2001).

<sup>2</sup> Por tal motivo, cómpre considerar de xeito diferente as literaturas periféricas de lingua castelá daquelas que empregan outro rexistro idiomático. Só as primeiras entran en colisión co sistema hexemónico e compiten con el na consideración de literatura nacional (Santana, 2000, p. 160).

<sup>3</sup> J. Álvarez Junco (2003, pp. 214-226) aplica este esquema narrativo ao conxunto da historiografía periférica española.

Medieval, Séculos Escuros, Época Contemporánea-, vai acompañada de declaracións, máis ou menos explícitas, destinadas a reforzar a independencia do sistema marxinal fronte ao discurso canonizado dende o centro. Así, nalgunha ocasión óbviasse calquera referencia ao sistema opresor, de xeito que se sitúa a literatura galega no marco amplo das literaturas europeas e se ignora unha posíbel integración no ámbito hispánico (vid. Ansedo Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, p. 11), pero máis a miúdo salientáanse as diferenzas derivadas da súa minoración. Tal circunstancia dá lugar a observacións sobre os sucesivos baleiros que ao longo da historia presenta a literatura galega, que se poden presentar como peculiaridade anómala do sistema historiado (Vázquez Cuesta, 1980, p. 621). Detrás estaría a necesidade que senten este tipo de discursos marxinais de encher todas as lagoas que lle impidan construír un relato con sentido autónomo pleno (Manzano Moreno, 2000, p. 40).

Este tipo de reafirmación dende o antitético parte da consideración de que o sistema que se historiografía está condicionado pola súa institucionalización discursiva deficiente, o que orixina a conciencia de anormalidade que, entre outros medios, pretende resolverse por medio da elaboración de relatos deste xénero. Finalmente, tal propósito pretende conxurarse, así mesmo, coa indagación sobre os procesos de decadencia e as causas que os provocan (Mouralis, 1990, p. 37). Esta é a razón pola que os relatos historiográficos das literaturas periféricas como a galega adoitan prestarlle atención preferente ao período do esplendor remoto que constitúen os séculos medievais. Pero, xunto a esta estratexia identificadora, a importancia que se lle concede á literatura medieval cumpre a función de compensar as deficiencias actuais co exemplo oposto dun estado de esplendor, o que permite proxectar a imaxe ucrónica da literatura canonizada que non chegou a ser. Ao mesmo tempo, contribúe a lexitimar o presente e o futuro que se quere construír grazas ao prestixio que os procesos nacionalitarios lle conceden a todo discurso de orixes.

A pesar das observacións anteriores, a conciencia de eiva histórica pode impoñerse á hora de trazar o relato da literatura medieval, de maneira que, debido á condición de construción teleolóxica deste xénero de discursos, incluso sobre estes séculos de suposto desenvolvemento normalizado se verten as fallas dos tempos posteriores. Tal situación é a que se atopa na historiografía literaria galega, que amosa tales ambigüidades cando centra a súa atención na Idade Media.

Certamente, a literatura medieval galega ofrece elementos que permiten un tratamento claramente compensatorio fronte ao silencio da Idade Moderna e as dificultades de hexemonización que encontra na época contemporánea. Pero chama a atención, a este respecto, que tal exaltación se leva a cabo por medio dunha estrita distinción xenérica á que se lle pretende aplicar un criterio cronolóxico. En efecto, a historiografía literaria xustapón o tratamento da poesía lírica e da prosa, de maneira que tende a establecer dous períodos sucesivos que abranguen toda a época medieval. O primeiro recibe incluso a denominación de período trobadoresco (Ansedo Estraviz - Sánchez Iglesias, 1996, pp. 11 e 138), facendo explícita a vocación periodizadora de tal división, ademais de identificarse co momento de esplendor da primeira literatura galega.

32 Agora ben, esta organización obedece á necesidade de presentar o sistema galego como deficitario dende as súas primeiras manifestacións, lastrado polas carencias dunha situación anormal e destinado, xa que logo, á prostración posterior. Enténdese así, por exemplo, a observación de Vázquez Cuesta (1980, pp. 698-699), quen, ao tratar a situación na que se desenvolve a literatura galega durante a suposta etapa de apoxeo, conclúe que “Ni siquiera en el siglo XIII es... el gallego una lengua con todos los derechos”. Unha declaración deste tipo explícase a partir da concepción da historia literaria como un relato de construción teleolóxica, na que o tratamento dos seus compoñentes está condicionado pola perspectiva que lles outorga unha visión a un tempo comprensiva e retrospectiva, elaborada dende o momento actual. Neste caso, as consideracións sobre as condicións precarias nas que se encontra a literatura galega do século XIII están determinadas tanto pola decadencia na que finalmente desembocarán os cento cincuenta anos de escola lírica, coma polo estado de prostración na que a autora considera que se atopan a lingua e a literatura galegas<sup>4</sup>. Claro que a aplicación do principio teleolóxico tamén reforza a vontade de planificación que actúa sobre o xogo de hexemonías que se establece entre varias literaturas para facer promoción dunha delas –aquí, a periférica que aspira a ocupar o centro– (Cabo Aseguinolaza, 2003, p. 88)<sup>5</sup>.

O que se consegue con tal organización discursiva é a concepción da literatura galega como sistema problemático, que incluso no momento de

---

<sup>4</sup> Así, vid. ao respecto Vázquez Cuesta (1980, p. 621), na que a autora salienta as carencias no repertorio que até época próxima padeceu a literatura galega.

<sup>5</sup> Así, por exemplo, a proxección cara ao futuro como constante do discurso historiográfico aparece como idea central en Johnstone (1992).

plenitude é incapaz de ter un desenvolvemento normalizado. Así, deben terse presente as carencias que mostra un repertorio sempre incompleto, no que a poesía lírica e a prosa non poden ser contemporáneas, senón que unha sucede á outra. A este respecto, cómpre ter en conta a importancia que se lle concede ao ano 1354, que actúa como data clave na que simbolicamente se esgota a escola trobadoresca galego-portuguesa<sup>6</sup>. As implicacións da devandita data exceden as consideracións puramente literarias e serven para inserir esta serie histórica nunha perspectiva máis ampla na que interveñen variábeis políticas e sociais. Así, non pasa desapercibida a proximidade a 1369, que sinala o ascenso ao trono de Castela do primeiro monarca Trastámara, Enrique II. As supostas consecuencias negativas que para Galicia implicou tal cambio dinástico explícanse polo apoio que a nobreza galaica lle prestara ao rei lexítimo Pedro I, así como na represión e substitución das vellas liñaxes que impuxo o novo soberano (Villares, 1986, p. 81)<sup>7</sup>. En xeral, as décadas centrais do século XIV vense como un momento de crise, que, precedida por un proceso previo de retracción demográfica, deixa paso á peste negra e remata coa ruptura da comunidade cultural galego-portuguesa tras a batalla de Aljubarrota en 1385 (Pena, 1990, p. 17; Ansedo Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, pp. 130-131).

Tal corte cronolóxico implica, por exemplo, excluír os textos líricos serodios, coñecidos como escola galego-castelá ou “corpus da decadencia” (Polín, 1994). Estes exemplificarían a entrada de Galicia na esfera de influencia de Castela, o que significa o comezo da súa minoración baixo o que se identifica como sistema hexemónico. Defínense así, dende o punto de vista historiográfico, os dous polos nos que se move o discurso nacionalitario galego: unha etnia de integración, representada por Portugal, e outra de negación, que encarna Castela. As restricións que se aplican á hora de establecer o corpus canónico nesta etapa tardía contrastan co criterio máis aberto que se utiliza para a escola galego-portuguesa. Nesta última o elenco de autores integra por

---

<sup>6</sup> Vid. as implicacións que na construción do relato historiográfico ten o emprego da data clave en Orecchioni, 1972, pp. 29-38.

<sup>7</sup> Este tipo de afirmacións, que parten da identificación de Galicia coas grandes liñaxes feudais, só atopan xustificación dende un punto de vista nacionalitario. A súa relativización prodúcese ao comprobar que non toda a sociedade galega foi contraria a Enrique II –e nin sequera todos os grupos nobiliarios. Vid., ao respecto, Pallares e Portela (1981) e (1991) –que á súa vez seguen en liñas xerais a García Oro (1981)–, quen, a pesar de que cualifican de *colonización* a chegada de liñaxes foráneas, ofrecen unha visión máis ampla dos sucesivos relevos aristocráticos no contexto da evolución feudal. Esta perspectiva xeral das substitucións nobiliarias nun marco máis amplo que o galego atópase tamén en Andrade Cernadas e Pérez Rodríguez, 1995, pp. 244-249.

igual aos de procedencia galega, portuguesa ou castelá. A estes habería que lles engadir algúns casos de procedencia foránea –como os occitanos Bonifaci Calvo ou Picandon ou o catalán de obra en occitano Arnaut Catalan–, que, porén, corroboran a proxección internacional da literatura galega e que, polo mesmo, axudan a definir o lugar hexemónico que ocupaba daquela. A pesar de que as historias literarias tenden a salientar aqueles trobadores nados en Galicia ou mesmo en Portugal<sup>8</sup>, non poden ignorar que algún dos autores máis representativos, como é o caso de Alfonso X, proceden de Castela<sup>9</sup>.

Para o que atinxe á escola galego-castelá, a historiografía parte da clasificación establecida por C. Michäelis de Vasconcelos<sup>10</sup>, que, fiel a un criterio de adscrición de tipo lingüístico, só inclúe os autores que escriben en galego, independentemente da súa orixe. Finalmente, tal é o factor clave para a fixación do canon de autores galego-portugueses; claro que neste caso se aplica sen o establecemento de taxonomías ou sen reflexións teóricas previas, o que deixa ver a condición problemática do canon galego-castelán. Ademais, como mostras da resistencia a integrar este corpus textual no propio sistema, salíentase a súa lingua híbrida e chea de castrapismos e castelanismos (Pena, 1990, p. 354; Gómez Sánchez e Queixas Zas, 2001, p. 64; Vilavedra, 1999, p. 62), así como a procedencia foránea de gran maioría dos poetas (Fernández del Riego,

---

<sup>8</sup> Tarrío (1994, p. 53-54), por exemplo, especifica que uns corenta poetas serían portugueses, trinta e un galegos, seis de procedencia galega ou portuguesa dubidosa, mentres que “doutras nacionalidades son o resto”. Fernández del Riego (1971, pp. 35-45), pola súa banda, analiza a obra de trobadores e xogrades de orixe galega, comprobada ou suposta, como Airas Nunes, Afons’Eanes do Coton, Pero da Ponte, Bernal de Bonaval, Pai Soarez de Taveirós, Pedr’Amigo de Sevilha –“de probábel ascendencia mariñán”–, Johan Airas de Santiago, Martín Codax, Pai Gomez Charinho, Pero Meogo, Mendinho e Juião Bolseiro. Xunto a eles menciona dous autores de procedencia portuguesa: Johan Garcia de Guilhade, Johan Zorro.

<sup>9</sup> Este autor, por outro lado, dá lugar a algunha observación sobre os propósitos de imposición da literatura castelá fronte á galega. Ao falar das *Cantigas de Santa María*, L. Tato Fontaiña (Ansedo Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, p. 120) xustifica a carencia de bibliografía crítica en galego sobre esta obra debido á apropiación que da figura do Rei Sabio fai a “literatura española”. Mais, a pesar disto, engade, ao estar escrita noutra lingua, é incapaz de integrala no seu corpus, polo que opta por considerala obra menor e persoal do monarca.

<sup>10</sup> Carolina Michäelis dividía os autores de poesía cancioneril en catro grupos: galegos que poetizan en estilo trobadoresco en galego, casteláns e andaluces que poetizan en galego, portugueses que poetizan en castelán, casteláns e andaluces que poetizan en estilo trobadoresco en castelán. Destes, só os dous primeiros pertencen ao canon da literatura galega (Polín, 1994b, pp. 39-41, que segue a clasificación establecida por C. Michäelis de Vasconcelos na recensión que sobre a edición de Lang publicou esta autora en *Zeitschrift für romanische Philologie*, XXXVIII, 1904, pp. 200-231. Unha proposta parecida débese a R. Lapesa (1950, pp. 51-59), quen se centra non nos autores, senón nas composicións e na lingua na que están escritas. Vid. Tarrío (1994, p. 65); Asede Estraviz e Sánchez Iglesias (1996, p. 128).

1971, p. 51). Outras observacións insisten en marcar unha distancia coa escola galego-portuguesa. Ou ben caracterízase a súa poética polo emprego de trazos estilísticos xa esgotados ou ben “pola súa hibridez e pola ausencia de estética pura e propia” (Gómez Sánchez e Queixas Zas, 2001, p. 65). Como punto en común, todas as observacións coinciden nos seus xuízos negativos a estes textos serodios, que, carentes de mérito estético, só llelo outorgan dende o punto de vista testemuñal.

Impídese desta forma toda identificación coa lírica galego-portuguesa, minimizando o que de continuidade poida existir entre ambas etapas<sup>11</sup>. A este respecto, cómpre ter presente algunhas das observacións pexorativas que se verten sobre a denominada escola da decadencia, que, porén, non se lle aplican ao trobadorismo temperán. Así, non parece que a convencionalidade dos xéneros amorosos galego-portugueses mereza observacións semellantes, do mesmo xeito que tampouco parece importar a natureza tamén convencional da súa lingua poética, a pesar de que se recoñece que consiste nun rexistro artificial que actúa como *koimé* poética (Vázquez Cuesta, 1980, p. 631; Tarrío, 1988, p. 11 e 1994, p. 19)<sup>12</sup>, ou a presenza nela de galicismos ou castellanismos (García Sabell, 1991), que incluso cando se admite, procura minimizarse (Pena, 1990, pp. 296-297). Por último, e de acordo coas alusións vertidas anteriormente, a procedencia estranxeira de boa parte dos autores dos séculos XIII e XIV considérase froito do esplendor da literatura galega, capaz de exportarse como modelo cultural. Ao respecto, habería que ter presente as observacións de Castelao, que moi oportunamente reproducen Gómez Sánchez e Queixas Zas (2001, p. 9): “O romance galego percorreu un ciclo literario completo, de tan outo valor artístico que traspuxo as fronteiras do noso país, chegando a ser língoa lírica e cortesán de Castela” (Rodríguez Castelao, 2000, I, vii, p. 51).

As causas deste tratamento dispar, procederían dun dobre motivo. Por unha banda, o establecemento de dous períodos antitéticos, que se identifi-

---

<sup>11</sup> O propósito de introducir unha ruptura coa tradición chega a negarlle o carácter trobadoresco a esta poesía, xa que ao afirmar que se basa na imitación do trobadorismo (Gómez Sánchez e Queixas Zas, 2001, p. 63) ou que é “herdeira directa da tradición galego-portuguesa” (Vilavedra, 1999, p. 62), non se a identifica como tal.

<sup>12</sup> Porén, a convencionalidade pode interpretarse como un factor positivo, dependendo de que elementos se empregan para valorala. Vázquez Cuesta (1980, p. 631) ve neste aspecto da lingua trobadoresca unha posibilidade de manter a unión entre Galicia e Portugal, rota dende o punto de vista político tras a independencia portuguesa, polo procedemento de equiparar artificialidade e arcaísmo.

can co auxe e a caída e que representan, respectivamente, as dúas etapas mencionadas da poesía lírica. A fixación de 1354 –e as súas datas vicarias de 1369 e 1385– impón, segundo o principio de coherencia narrativa, unha valoración dispar para aquelas manifestacións literarias que se sitúen antes ou despois destes fitos cronolóxicos. Así, non se escatiman observacións negativas dirixidas á dinastía que encarna o sometemento de Galicia, entronizada como xa se apuntou, en 1369. Destácase, pois, o ambiente cultural pouco propicio que ofrecían para o desenvolvemento do lirismo as “cortes frívolas dos Trastámaras” (Pena, 1990, p. 345). Por outra parte está presente a dificultade que suscita asumir elementos procedentes do sistema hexemónico, fronte ao que se busca a emancipación enunciativa. Neste sentido, influiría a denominación que lle deu Lang, que facía explícita a súa vinculación con Castela e que, do mesmo xeito, determinou a súa exclusión do canon portugués (Lapa, 1970, p. 297; Vázquez Cuesta, 1980, p. 634). Non por casualidade a escola galego-portuguesa reforza a autoafirmación nacionalitaria galega ao achegar a súa literatura ao mito de integración que representa Portugal<sup>13</sup>, mentres que a galego-castelá, á que, tras excluila do canon galego-portugués se lle cuestiona incluso a denominación de escola (Ansedo Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, p. 127), nega a posibilidade dun ser nacional diferenciado.

36

Esta preocupación, polo demais, obsérvase mesmo no tratamento que se lle dispensa á lírica trobadoresca dos séculos XIII e XIV. A necesidade dunha voz enunciativa propia conduce, no nivel discursivo, á sobrevaloración de elementos percibidos como orixinais, que contribúan a marcar a distancia fronte as identidades de oposición. A partir deste presuposto explícanse os comentarios diverxentes que merecen os xéneros da escola galego-portuguesa. As cantigas de amor sitúanse nun terreo ambiguo, posto que se lle reconece unha débeda co modelo poético occitano ou, cando menos, unha relación dabondo estreita como para cuestionarse o desexado estatuto de orixinalidade. Esta característica obriga a declaracións que minimizan unha posibel pegada foránea, en favor dos elementos de procedencia vernácula (Tarrío, 1988, p. 12 e 16 e 1994,

---

<sup>13</sup> Vid., a este respecto, as observacións sobre a independencia de Portugal e o mantemento de Galicia no reino de León e Castela (Pena, 1990, p. 350; Ansedo Estraviz e Sánchez Iglesias, 1995, p. 130; Gómez Sánchez e Queixas Zas, 2001, p. 65). A persistencia dun pensamento ucrónico mantense así mesmo en obras de tipo lingüístico, nas que se cuestiona a evolución do galego a partir dunha posibel emancipación do reino de Galicia. Vid., por exemplo, os comentarios sobre a expedición de Xoán de Gante en Mariño Paz (1999, p. 181) e Monteagudo (1999, p. 128-129), onde se salienta a posibilidade perdida para Galicia de afastarse de Castela ou mesmo de conseguir a independencia.

pp. 23-24; Anse de Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, pp. 39-40; Vilavedra, 1999, p. 46; Gómez Sánchez e Queixas Saz, 2001, pp. 10-11). O outro aspecto negativo que se lle atopa a este xénero trobadoresco radica no seu carácter convencional, que orixina a sensación de uniformidade e monotonía. A súa defensa, pola contra, salienta o anacronismo de aplicarlle á poesía medieval os criterios estéticos actuais (Anse de Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, pp. 75-76).

Tales matizacións non son necesarias polo que respecta á cantiga de amigo. Este xénero recibe os comentarios máis favorábeis, na medida en que se identifica co xénero xenuinamente galego e permite presentar o período trobadoresco como manifestación equívoca da capacidade de hexemonización da literatura galega. Esta interpretación fai que os relatos historiográficos incidan na raizame popular deste tipo de cantigas debido á sobrevaloración dun suposto substrato folclórico, en detrimento da súa adscrición á poética cortés<sup>14</sup>. O desenfoque crítico de tal proposta leva a maximizar a importancia das composicións que adoptan o esquema estrófico de dístico monorrímo con refrán e, a ser posíbel, con estrutura paralelística en *leixapren*; e isto, a pesar de que non constitúe a solución maioritaria –sobre un corpus que excede os cincocentos textos, algo menos da quinta parte emprega o devandito esquema estrófico, pero pouco máis dunhas corenta pezas presenta *leixapren* (Tavani, 1986, p. 85; Brea e Lorenzo Gradín, 1998, p. 9)–, precisamente porque nelas se identifican os trazos dunha suposta poética popular. Por este mesmo motivo, tales trazos hipercharacterizadores reaparecen na poesía neotrobadoresca do século XX, a cal valora o xénero de amigo por enriba das cantigas de amor e, dentro deste, as que se adecúan ás citadas características formais (López, 1997, especialmente pp. 85 e ss.)<sup>15</sup>.

Fronte ao tratamento claramente canonizador que se lle dispensa á lírica galego-portuguesa, a prosa medieval galega merece comentarios moito menos favorábeis, que establecen un certo paralelo co que lle sucede aos textos poéticos serodios que se adoitan chamar galego-casteláns. A historiografía literaria non puido evitar unha valoración menos favorábel da produción prosística,

---

<sup>14</sup> Os problemas que supón esta sobrevaloración do folclore nas literaturas periféricas está tratados en Figueroa (1988, pp. 84-88), onde se salienta o papel do folclore como mecanismo de resistencia simbólica e medio de identificación en situacións de precariedade cultural.

<sup>15</sup> Precisamente o mantemento das cantigas de amigo na literatura galega posterior, encarnada no neotrobadorismo, recóllese en Anse de Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, pp. 95-96.

en boa medida porque se establece unha comparación coa situación que se describe para a lírica. Así o demostran, por exemplo, declaracións como a seguinte de Tarrío (1988, p. 30): “De la misma forma que la lírica gallego-portuguesa constituye un hito en la historia de la lírica europea, la prosa, en cambio, no floreció apenas”<sup>16</sup>. Ou estoutra sacada de Pena (1990, p. 395), quen fala “do aspecto relativamente pobre e anodino que ofrece a prosa galego-portuguesa medieval diante da efusión lírica”. Pola contra, as observacións de Vilavedra (1999, p. 67), destinadas a revalorizar a importancia da prosa medieval, parten da comparación, tradicionalmente desfavorábel desta coa lírica: “A produción prosística medieval en lingua galega ficou a miúdo escurecida pola brillantez da lírica”. Isto non impide, porén, que esta obra manteña un certo desequilibrio expositivo en favor dos xéneros poéticos (pp. 42-67, fronte ás pp. 67-80 dedicadas á prosa).

As razóns desta escasa valoración da prosa non obedecen, a diferenza do que lle sucedía aos textos trobadorescos tardíos, á adscrición ao ámbito de influencia do sistema opresor. Pola contra, reaparece o criterio de orixinalidade, debido a que a gran maioría dos textos conservados son traducións de obras francesas ou latinas. Neste sentido, estaríase demostrando a dependencia doutras literaturas e, indirectamente, a situación subordinada da galega, que non foi quen de artellar unha sólida tradición de textos en prosa. As carencias deste xénero serían, á súa vez, aplicábeis ao conxunto do repertorio, polo que se insiste na condición precaria que dende a Idade Media padeceron Galicia e, en tanto que elemento discursivo dun sistema sociocultural máis amplo, a súa literatura. Un dos motivos deste tratamento desfavorábel cara á prosa provén da datación de todas as súas obras entre mediados do século XIV e o século XV, que, como xa se apuntou máis arriba, corresponde co período definido como de decadencia. Nótese, ao respecto, que, segundo se apuntou máis arriba, o momento de esplendor chega a caracterizarse como “período trobadoresco”, o que, supón incluír na decadencia toda obra que se sitúe despois de 1354 (Ansedo Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, p. 13).

Un procedemento para introducir certa coherencia nesta conxunción de xéneros literarios e periodización consiste en establecer, de modo paralelo á que funcionaba para a lírica, unha división en dúas etapas, unha galego-portuguesa e outra galega. A condición subalterna da prosa dentro da historiografía

---

<sup>16</sup> Esta observación repítese, a grandes trazos, en Tarrío, 1994, p. 57.

literariaponse de manifesto coa aplicación deste tipo de clasificacións non pensadas primixenamente para este xénero. Por tal motivo, a súa operatividade é menor, o que obriga a fixar unha data pertencente á serie política –a xa mencionada da batalla de Aljubarrota (1385)–, que ofrece unha difícil ancoraxe na serie literaria. Como consecuencia, algunhas historias da literatura vense na obriga de aclarar o porqué deste fito cronolóxico, que non establece unha verdadeira solución de continuidade no devir da produción prosística galega<sup>17</sup>.

O seu funcionamento *a contrario*, porén, proporciona a posibilidade de abrir o abano de obras canonizábeis, pertencentes ao repertorio portugués<sup>18</sup>, o que reforza o canon galego que, polo que se observa, se considera excesivamente minguado. Este labor de apropiación ou incorporación chega mesmo a funcionar en segundo grao, xa que se estende a obras sobre as que a historiografía portuguesa opera á súa vez do mesmo modo. Así, acaece, por exemplo, co *Amadís de Gaula* (Fernández del Riego, 1971, p. 55; Pena, 1990, pp. 387-389), do que só se conservan versións en castelán, pero do que se presume que puido existir algunha versión en portugués a partir das testemuñas indirectas que se refiren á posíbel versión, non conservada, escrita por Vasco de Lobeira<sup>19</sup>. A apropiación por parte do sistema galego vese favorecida pola adscripción deste relato ao xénero dos libros de cabalarías, o que indirectamente o vincula coa materia de Bretaña e, en última instancia, co celtismo que esta representa<sup>20</sup>.

---

<sup>17</sup> Deste xeito, Pena (1990, pp. 373-375) aduce criterios lingüísticos, sociais e políticos, para delimitar unha literatura galego-portuguesa anterior a 1385 e unha literatura galega posterior. En termos parecidos exprésase X. R. Freixeiro Mato (Asende Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, pp. 137-141), aínda que renuncia a fixar unha data liminar concreta e opta por establecer a división na segunda metade do século XIV.

<sup>18</sup> En Asende Estraviz e Sánchez Iglesias (1996), por exemplo, inclúense os *Libros de Linhagens*, o *Jose de Arimateia*, a *Demanda do Santo Graal* ou crónicas portuguesas, como a *Crónica do Mouro Rasis*, a *Crónica Geral de Espanha de 1344* ou as obras de Fernão Lopes. Pena (1990) engade o *Boosco Deleitoso*, a *Corte Imperial*, o *Castelo Perigoso* ou o *Conto do Amaro*. Mesmo con matizacións, Vilavedra (1999) opta por tratar a *Demanda do Santo Graal* ou do *Jose de Arimateia*.

<sup>19</sup> Mesmo cando esta cuestión se aborda con certo escepticismo, como fai Vázquez Cuesta (1980, p. 700), a simple alusión acaba por incorporar o *Amadís de Gaula* ao canon galego. Vid. o tratamento que lle dispensa á controversia na historiografía portuguesa en, por exemplo, en Saraiva e Lopes (1989, pp. 95-98). A pesar do tratamento dispar, máis ou menos escéptico sobre a orixe portuguesa do *Amadís de Gaula*, moitas das historias da literatura optan por darlle unha marxe de credibilidade a tal opción, incorporando ao seu canon esta novela de cabalarías.

<sup>20</sup> Vid., por exemplo, a recreación en galego do *Amadís* que levou a cabo X. L. Méndez Ferrín e que apareceu publicada en 1988 no *Diario de Galicia* (Lama López, 2001, p. 335). Para o estudo da materia de Bretaña na literatura galega do século XX, vid. Lama López (2001) e Ventura (2002, pp. 197-204).

Agora ben, as observacións que se verten arredor da prosa galega están condicionadas por un aspecto que non se tiña en conta á hora de tratar a lírica. En efecto, a prosa asóciase directamente á capacidade que ten un sistema para institucionalizarse e, aínda máis, á dun pobo para artellar vías de expresión política. Neste sentido sae á luz a que González-Millán (1992, p. 446) cualifica de “obsesión reivindicativa” dos discursos historiográficos marxinais, que deriva cara á reclamación simbólica dun proceso de construción nacional truncado. Así, para o caso da prosa tense en conta o devir do reino de Galicia, cuxa pertenza a León e Castela se interpreta como un sometemento que a priva de fórmulas de representación simbólica e, daquela, da súa capacidade de autoafirmación. Por este motivo adúcese como factor fundamental para comprender as condicións precarias da produción prosística galega a ausencia dunha corte real, encargada de propiciar a composición de obras historiográficas ou de textos legais e documentais.

40

As carencias que nesta cuestión ofrece o ámbito galego non poden por menos que poñerse en contraste coas que se atopan no reino veciño de Portugal. Este actúa como elemento compensatorio que favorece a aplicación dun discurso ucrónico coa independencia portuguesa como argumento central. O proceso que leva ás terras do sur do Miño cara á consecución dunha estrutura política independente da esfera castelá e leonesa invita á súa proxección a Galicia, que, implicitamente, deixaría pasar a oportunidade para o seu pleno desenvolvemento como pobo. Baixo estes presupostos nacionalitarios habería que entender, por exemplo, observacións como as de Pena (1990, p. 375), cando, para avaliar as dificultades nas que se compón a prosa galega, di que “Galiza é unha nación que se ve frustrada canto a estado independente”; ou as de Gómez Sánchez e Queixas Zas (2001, p. 66), que consideran que o factor clave para entender a situación de precariedade na que se encontra a prosa galega é a “colonización de Galicia por parte de Castela”. Pero este sometemento afectaríalle, ademais, á “producción literaria e cultural en xeral, xa que se vai afastar cada vez máis do ámbito portugués” (*Ibid.*). Neste momento xorde, pois, como contraste a correcta institucionalización do sistema portugués, que non tarda en dotarse de cronistas oficiais patrocinados pola monarquía e os círculos nobiliarios.

Resulta sintomático que as condicións nas que se describe o esmorecemento da lírica galego-portuguesa coincidan coas que presiden o desenvolvemento do xénero prosístico, que, finalmente, conducen á marxinación de

Galicia, tras o afastamento de Portugal e o desenvolvemento neste reino dunha burguesía comercial que reorienta os intereses das clases dirixentes cara á expansión ultramarina. Pero, xunto ao xogo de hexemonías que determina o devir da literatura galega debe terse en conta un segundo elemento de orde cronolóxica. O cultivo sistemático da prosa semella corresponder ás esixencias dun sistema máis consolidado que o que se precisaba para a poesía lírica, de aí que o seu xurdimento no caso galego corresponde a un momento demasiado tardío, cando xa se definiron as liñas de forza que condenan a literatura galega á súa minoración. Téñase en conta, por exemplo, que entre o momento en que se datan as primeiras obras conservadas<sup>21</sup> e o intre en que ten lugar a entronización da dinastía dos Trastámara (1369) ou mesmo a división da comunidade cultural galego-portuguesa (1385) transcorre unha marxe temporal excesivamente curta como para facer posíbel a consolidación do xénero. Baixo este esquema, a historiografía galega concibiría o xurdimento dos diversos xéneros de modo sucesivo, presidido pola idea de progreso cara á madurez do propio sistema literario. Segundo tal proposta teórica de raizame romántica, que identifica xéneros literarios con idades ou ciclos evolutivos (García Berrio e Huerta Calvo, 1992, p. 119 e ss.), a prosa galega demostraría unha vez máis que tal progresión se ve interrompida a mediados do século XIV.

41

As consideracións vertidas até o de agora demostran o enfoque dispar que a historiografía literaria galega lle dispensa aos distintos xéneros literarios da etapa medieval, de acordo cos presupostos que marca a fixación dunha data clave, que oscila entre os polos de 1369 e 1385. Esta proposta metodolóxica parte dunha concepción da obra historiográfica como un discurso de reivindicación destinado á reapropiación da memoria colectiva dunha comunidade periférica, enfrontada en condicións de desigualdade cun centro hexemónico. Por tal motivo, as historias da literatura galega asumen este principio como punto de partida, o que conduce a unha estratexia discursiva na que se favorecen as expresións de autoafirmación colectiva, o que á súa vez explica o peso que adoitan ter os postulados nacionalitarios en obras desta natureza, de maneira que se conciben como unha expresión do macrotexto nacional.

---

<sup>21</sup> Sen ter en conta textos de procedencia portuguesa, como o fragmento da *Suite du Merlin*, os de orixe galega, como a *Historia troiana*, a *Crónica troiana* e o fragmento do *Livro de Tristán* dátanse na segunda metade do século XIV, aínda que a última destas obras remonta a un orixinal de finais do século XIII ou inicios do XIV.

No plano concreto, tales premisas reflíctense no diferente tratamento que reciben os diversos elementos do canon literario que se pretende constituír, onde se privilexian as obras e os autores que respondan a esta necesidade identitaria (González-Millán, 1992, p. 447). No que atinxe á literatura galega medieval, abonda con ter presente ao respecto as desigualdades de apreciación entre a prosa e a lírica e, incluso, entre as diferentes propostas estéticas ou escolas que se atopan dentro deste último xénero. Así, xunto aos xuízos de valor analizados nas páxinas anteriores, cómpre observar a atención que se lle dedica a cada un destes apartados nas historias da literatura galega para comprobar que a escola galego-portuguesa tende a exceder con moito a extensión que merece o conxunto das obras prosísticas, pero tamén a que se lle consagra á chamada escola galego-castelá e incluso ás *Cantigas de Santa María*<sup>22</sup>.

42

A explicación para esta disparidade hai que buscala na resposta que cada un destes xéneros, obras ou movementos literarios ofrecen ás esixencias antes expostas. A escola galego-portuguesa constitúe o alicerce para a definición doutro dos elementos organizativos fundamentais do discurso identitario da historiografía, como é o da pretendida existencia dunha comunidade cultural que uniu Galicia e Portugal até a encrucillada de mediados do século XIV. Unha vez que se establece esta, opera en termos de ortodoxia-heterodoxia, de acordo coas esixencias nacionalitarias ás que xa se aludiu, de tal modo que se marxinan os aspectos do relato historiográfico que non se adecúen a esta interpretación do feito literario. Os problemas máis inmediatos no empeño de aplicar esta proposta xorden na prosa, xa que este corpus de obras non presenta un elemento de ruptura como o que amosa a lírica en 1354. Un atranco aínda máis importante constitúeo a condición de tradución de moitos destes textos,

---

<sup>22</sup> Así, por exemplo, Fernández del Riego estrutura deste modo o capítulo dedicado á literatura medieval: lírica galego-portuguesa, pp. 19-47, *Cantigas de Santa María*, pp. 47-49, lírica galego-castelá, pp. 50-55 e prosa, pp. 55-57. A distribución de Vázquez Cuesta (1980) é a seguinte: lírica, pp. 630-695, das que as pp. 664-665 e 675-677 correspóndenlles ás *Cantigas de Santa María* e as pp. 684-687 á lírica galego-castelá. A prosa ocupa as pp. 695-704. Tarrío (1988), dedícalle as pp. 11-27 á poesía galego-portuguesa, as pp. 28-30 ás *Cantigas de Santa María*, as pp. 30-34 á prosa e as pp. 34-35 á escola galego-castelá, mentres que en Tarrío (1994), a distribución dos respectivos apartados se desglosa como segue: pp. 20-54, pp. 54-57, pp. 57-62 e pp. 63-67. En canto a Pena (1990), resérvalle á lírica galego-portuguesa as pp. 31-342, á galego-castelá as pp. 343-358, ás *Cantigas de Santa María* as pp. 249-270 e á prosa, as pp. 371-432. Pola contra, propostas como as de Asende Estraviz e Sánchez Iglesias (1996) –lírica galego-portuguesa, pp. 33-96; *Cantigas de Santa María*, pp. 98-122; lírica galego-castelá, pp. 122-128; prosa, pp. 129-192– e Vilavedra (1999) –lírica galego-portuguesa, pp. 43-62; lírica galego-castelá, p. 62; *Cantigas de Santa María*, pp. 63-67; prosa, pp. 67-80– buscan un maior equilibrio entre a lírica e a prosa, aínda que manteñen pegadas da devandita xerarquización.

o que dificulta a reivindicación de modelos autóctonos, que reforcen, como facía, por exemplo, a cantiga de amigo, un discurso baseado na autoafirmación identitaria. Precisamente, ao proceder en exclusiva da corte portuguesa aquelas obras que, como os nobiliarios ou as crónicas rexias, non remontan a un texto previo noutra lingua, a súa asunción ao canon galego non se produce sen matices. Pola contra, a carencia por parte deste mesmo canon de obras como as citadas crea, por reacción, unha serie de expectativas de tipo político arredor da prosa que non parecían necesarias na lírica galego-portuguesa.

A inadecuación da lírica aos preceptos impostos por unha ríxida concepción nacionalitaria prodúcese cando cómpre desvirtuar esa imaxinaria comunidade galego-portuguesa en favor da vinculación coa etnia de oposición que representa Castela. Aparecen, daquela, os problemas de concibir a nación, tanto no plano político coma no cultural, como unha entidade homoxénea e dotada de límites nítidos fronte a unha alteridade<sup>23</sup>. Tal ligazón coa literatura hexemónica atópase mesmo na escola galego-portuguesa, organizada arredor das cortes de Alfonso IX de León ou Fernando III e Alfonso X de León e Castela, pero neste caso pode obviarse pola primacía que se lle outorga ao rexistro lingüístico empregado, que non se corresponde co do sistema opresor, e co contrapeso no que se erixe o mecenado dos monarcas lusitanos Sancho II, Afonso III e Don Dinis. Pola contra, algún destes factores falta nas *Cantigas de Santa María* ou na escola poética galego-castelá. O cancionero mariano, aínda que composto así mesmo en galego-portugués, considérase unha obra culturalmente castelá, saída da iniciativa persoal de Alfonso X e, polo mesmo, distante de Galicia e alleo a Portugal (“as *Cantigas* foron inspiradas polo afán propagandísticos da monarquía toledana”, Vilavedra, 1999, p. 64). Así, a pesar de que utiliza a mesma lingua da lírica profana, destacan nela a ausencia dun lirismo que se poida recoñecer como galaico, o emprego de formas métricas como o zéxel e de temas sacados das coleccións miraculísticas europeas ou a advocación de santuarios non galegos<sup>24</sup>. En canto aos textos líricos serodios, unen á súa produción en ambiente castelán ou mesmo aragonés, que se manifesta na súa inclusión en cancioneros cuxa lingua é maioritariamente a de

<sup>23</sup> Para esta relación problemática, vid. E. Gellner (1964) e (1983).

<sup>24</sup> A figura ambivalente do Rei Sabio é tan pronto asumíbel como impulsor do galego, convertido en lingua de rei, como rexeitábel por unha suposta animadversión cara a Galicia. Esta última opinión aparece recollida en Vázquez Cuesta (1980), pp. 680-681 e Asende Estraviz e Sánchez Iglesias (1996), p. 116, aínda que se atopa xa en Filgueira Valverde (1949), p. 599 e (1980). Vid., así mesmo, Jiménez Gómez (1984-1985, pp. 147-165).

Castela, a deturpación lingüística e, sobre todo, a súa colocación en tempos de suposta prostración cultural e política, de aí a súa incorporación problemática por parte do canon literario galego.

Por último, as observacións anteriores, baseadas na análise de textos historiográficos poden verse reafirmadas cun estudo da produción crítica xerada arredor dos distintos ámbitos parciais da literatura galega medieval. Veríase daquela, que xunto á sólida tradición de estudos sobre a lírica galego-portuguesa que existe en Galicia, a prosa recibiu moita menos atención e a escola galego-castelá asume unha presenza pouco menos que residual. Pola contra, as *Cantigas de Santa María*, a pesar do considerábel volume de publicacións que se ocupan delas, non suscitaron apenas interese entre os investigadores galegos –menos aínda entre os portugueses<sup>25</sup> e boa parte das investigacións débense a hispanistas anglosaxóns. Con todo, estas derradeiras conclusións tan apresuradas han de verse completadas cunha pescuda máis detida que excede os propósitos limitados deste traballo.

Santiago Gutiérrez García

Universidade de Santiago de Compostela

## Bibliografía

- Álvarez Junco, J., *Mater Dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*, Madrid: Taurus, Madrid, 2003.
- Andrade Cernadas, J. M., e F. J. Pérez Rodríguez, *Galicia Medieval*, en *Historia de Galicia*, t. VII, Oleiros: Vía Láctea Editorial, 1995.
- Ansedo Estraviz, A., e C. Sánchez Iglesias (dirs.), *Historia da literatura galega*, Vigo: A Nosa Terra / AS-PG, t. I, 1996.
- Brea, M., e P. Lorenzo Gradín, P., *A cantiga de amigo*, Vigo: Edicións Xerais, 1998.

---

<sup>25</sup> Vid., a xeito de orientación, a procedencia dos títulos incluídos no capítulo bibliográfico de Fidalgo (2002). Ao fio destas consideracións, L. Tato Fontaiña (Ansedo Estraviz e Sánchez Iglesias, 1996, p. 120) salienta as dificultades do sistema literario portugués para adoptar as *Cantigas de Santa María*, a pesar de estaren compostas en galego-portugués.

- Cabo Aseguinolaza, F., “An Aftermath Consideration on the Role of Teleology in Iberian Literary Historiographies”, *Neobelicon*, XXX, 2003, pp. 85-96.
- Fernández del Riego, F., *Historia da literatura galega*, Vigo: Galaxia, 1978 (1ª ed. 1951).
- Fidalgo, E., *As Cantigas de Santa María*, Vigo: Edicións Xerais, 2002.
- Figuroa, A., *Diglosia e texto*, Vigo: Edicións Xerais, 1988.
- Filgueira Valverde, X., “Lírica medieval gallega y portuguesa”, en J. M. Díaz-Plaja, *Historia de las literaturas hispánicas*, Barcelona: Editorial Barna, t. I, 1949, pp. 543-642.
- , *Afonso X e Galicia*, A Coruña: Real Academia Galega, 1980.
- De la Granja, J. L., J. Beramendi, e P. Anguera, *La España de los nacionalismos y las autonomías. Historia de España 3º milenio*, t. XXXVIII, Madrid: Editorial Síntesis, 2001.
- García Berrio, A., e J. Huerta Calvo, *Los géneros literarios: sistema e historia*, Madrid: Cátedra, Madrid, 1992.
- García Oro, J., *La nobleza gallega en la Baja Edad Media*, Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1981.
- García-Sabell, T., *Léxico francés nos cancioneiros galego-portugueses: revisión crítica*, Vigo: Galaxia, 1991.
- Gellner, E., *Thought and Change*, London: Weidenfield and Nicolson, 1964.
- , *Nations and Nationalism*, Oxford: Blackwell, 1983.
- Gsteiger, M., “Les modèles en histoire littéraire et le paradgime ‘continuité et rupture’”, en A. Balakian e J. J. Wilhelm (eds.), *Proceedings of the X<sup>th</sup> Congress of the International Comparative Literature Association. New York 1982*, New York: Garland Publishing, 1985, pp. 106-112.
- Gómez Sánchez, A., e M. Queixas Zas, M., *Historia Xeral da Literatura galega*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2001.
- González Millán, X., “A configuración historiográfica dunha literatura marxinal”, en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, pp. 445-452.
- , “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1993*, 1994, pp. 67-81.

- Jiménez Gómez, S., “Afonso o Sabio e Galicia: ¿diverxencia ou estrañamento?”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, C, 1984-1985, pp. 147-165.
- Johnstone, R., “The Impossible Genre: Reading Comprehensive Literary History”, *Publications of the Modern Language Association*, 107 / 1, 1992, pp. 26-37.
- Lama López, M. J., *O celtismo e a materia de Bretaña na literatura galega: cara a unha construción dun contradiscurso histórico ficcional na obra de Xosé Luís Méndez Ferrín*, Barcelona: Universitat de Barcelona, 2001.
- Lapa, M. R., *Lições de Literatura Portuguesa - Época Medieval*, Coimbra: Coimbra Editora, 1970, 7ª ed.
- Lapesa, R., “La lengua de la poesía lírica desde Macías hasta Villasandino”, *Romance Philology*, VII, 1950, pp. 51-59.
- López, T., *O neotrobadorismo*, Vigo: A Nosa Terra, 1997.
- Mariño Paz, R., *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1999.
- Manzano Moreno, E., “La construcción histórica del pasado nacional”, en J. S. Pérez Garzón *et alii*, *La gestión de la memoria. La historia de España al servicio del poder*, Barcelona: Crítica, 2000, pp. 33-62.
- Michäelis de Vasconcelos, C., e T. Braga, *Geschichte der portugiesischen Litteratur*, en *Grundris der romanischen Philologie*, Strasbourg, 1892-1893.
- Monteagudo, H., *Historia social da lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais, 1999.
- Mouralis, B., “Les littératures dites marginales ou les «contre-littératures»”, en H. Béhar e R. Fayolle (eds.), *L'Histoire Littéraire aujourd'hui*, París: Armand Colin, 1990 pp. 31-40.
- Orecchioni, P., “Dates clés et glissements chronologiques”, en R. Estivals (ed.), *Analyse de la périodisation littéraire*, París: Éditions Universitaires, 1972, pp. 29-38.
- Pallares, M. C., e E. Portela, E., “Edad Media”, en J. C. Bermejo *et alii*, *Historia de Galicia*, Madrid: Alhambra, 1981.
- , *Galicia en la época medieval*, en *Galicia. Historia*, A Coruña: Hércules de Edicións, t. II, 1991.
- Pena, X. R., *Literatura galega medieval. I. A historia*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1990.

- Polín, R., *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450): corpus lírico da decadencia*, Sada: Edicións do Castro, 1994.
- Radhakrisnan, R., “Ethnic Identity and Post-Structuralist Difference”, *Cultural Critique*, VI, 1987, pp. 199-220.
- Rodríguez Castelao, A. D., *Sempre en Galiza*, en *Obras*, coord. de H. Monteagudo, t. II, Vigo: Galaxia, 2000.
- Santana, M., “National Literatures and Interliterary Communities in Spain and Catalonia”, *Catalan Review*, XIV, 2000, pp. 159-171.
- Saraiva, A. J., e Lopes, O., *História da Literatura Portuguesa*, Porto: Porto Editora, 1989, 15ª ed.
- Tarrío, A., *Literatura gallega*, en J. I. Ferreras, *Historia crítica de la literatura hispánica*, vol. XXVIII, 1988.
- , *Literatura galega: aportacións a unha historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais, 1994.
- Tavani, G., *A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo: Galaxia, 1986.
- Vázquez Cuesta, P., *Literatura gallega*, en Díez Borque, *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, 1980, pp. 621-896.
- Ventura, J., “Los mitos artúricos en Ramón Cabanillas: *Na noite estrelecida*”, en *El mito, los mitos*, Madrid: Sociedad Española de Literatura General y Comparada / Caballo Griego para la Poesía, 2002, pp. 197-204.
- Vilavedra, D., *Historia da literatura galega*, Vigo: Galaxia, 1999.